

## **MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS EN DEFENSA DA CALIDADE E INDEPENDENCIA DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA**

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Corporación Radio e Televisión de Galicia está a vivir, baixo os gobernos do PP, un proceso de desmantelamento do servizo público e manipulación informativa.

Dende a aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, o seu incumprimento foi sistemático, especialmente naqueles aspectos que afondarían na independencia e calidade dos medios públicos.

En primeiro lugar, ao non desenvolver dita lei, permanece no seu cargo, dende 2009, o Director Xeral nomeado polo PP, cando debería ter sido elixido por unha ampla maioría de  $\frac{2}{3}$  no Parlamento.

O persoal da CRTVG ten denunciado control e manipulación por parte do Goberno galego, amparado no feito de que non se desenvolve a obriga legal de crear un Consello de Informativos que vele pola obxectividade (artigo 36 da Lei 9/2011). Exemplo flagrante desta situación de manipulación foi a cobertura sobre a vaga de lumes de outono de 2017.

Todo este proceso prodúcese nun contexto de conflictividade laboral e redución do persoal fixo, así como a aposta pola externalización da produción, reducindo a mínimos a produción propia, con infrautilización de medios propios, e apostando pola chamada “produción propia externalizada”.

Asemade, reduciuse o orzamento da dobraxe, un elemento tan importante para a normalización lingüística, provocando unha caída do emprego no sector da dobraxe en Galicia, que é o de máis calidade do Estado.

A respecto da lingua, o Comité Intercentros da CRTVG alerta dun “progresivo desmantelamento da promoción do galego por parte da Corporación, que se manifesta na carencia de programación divulgativa específica e nun departamento lingüístico tan esganado que dificilmente pode asumir a supervisión da produción externa que chega ao centro emisor ao tempo que ofrece soporte ao persoal propio”. Isto é gravísimo nun medio que ten entre as súas obrigas fundamentais a contribución á normalización lingüística.

O control gubernamental sobre os medios públicos manifestouse cruamente este ano co anuncio da nova programación que comeza este mes de setembro de 2018, apostando a Dirección da CRTVG pola desaparición do Diario Cultural tal e como estaba concibido e pola supresión das desconexións territoriais, o espazo das informacións de proximidade. Deste xeito, os contidos locais pasarán a estar controlados e seleccionados dende San Marcos, cun aumento do control informativo en vésperas das municipais.

Neste escenario produciuse a dimisión dos dous presentadores do TX Serán, Tati Moyano e Alfonso Hermida, por razóns profesionais e discrepancia coa liña informativa e a CRTVG abriu un expediente informativo á citada presentadora por, segundo a Dirección, “posible incumprimento” da norma que impide usar medios da Corporación para actos alleos logo da participación da citada traballadora nunha gala benéfica da Asociación Española contra o cancro na que Beatriz Moyano reivindicou as mobilizacións do persoal en defensa do carácter de servizo público da CRTVG.

Sendo os medios públicos de comunicación plurais e independentes un elemento central das sociedades democráticas, esta Corporación municipal non pode permanecer allea á situación da CRTVG.

**Polo exposto, o Pleno do Concello de Cambados acorda:**

**1. Trasladar o apoio ás mobilizacións do persoal da CRTVG en defensa duns medios de comunicación públicos de calidade e independentes.**

2. Trasladar á Xunta, ao Parlamento de Galicia e á CRTVG a necesidade de que se renove canto antes a Dirección da CRTVG e se cree o Consello de Informativos, tal e como dispón a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Cambados, 5 de setembro de 2018. Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Somos Cambados.